



PLAN DE TRABAJO ANO 2025

Pleno do Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: **Xunta de Galicia**

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: **Santiago de Compostela**

Ano: **2025**

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución.

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución.....	4
Novidades destacadas para o 2025	7
1. Observacións xerais do OSIMGA. Estrutura.....	15
1.1 A Sociedade da Información nos fogares galegos	17
1.2 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia	18
1.3 A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia.....	19
1.4 A Administración electrónica na Xunta de Galicia.....	22
1.5 Estatística da administración dixital nos concellos galegos	23
2. Observacións de carácter temático.....	25
2.1 Estudos temáticos no ámbito da sociedade	25
2.2 Estudos temáticos no ámbito das empresas e do sector TIC	27
2.3 Estudos temáticos no ámbito da eAdministración:.....	29
2.4 Outras observacións específicas:	29
3. Observacións do Plan Galego de Estatística 2022-2026	31
3.1 Galicia Dixital: A modernización tecnolóxica no rural.....	32
3.2 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	32
3.3 Galicia dixital: o sector TIC en Galicia.....	32
3.4 Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia.....	33
3.5 Colaboración na execución do Convenio Amtega - IGE - INE.....	33
4. Servizos de información	35
4.1 A web do OSIMGA.....	35
4.2 Pleno do OSIMGA 2025.....	36
4.3 Servizo de xestión e información.....	36
5. Colaboracións	38



Introdución

O programa anual de actividades do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) correspondente ao ano 2025 estrutúrase en torno a cinco eixos principais, dando continuidade ás liñas de actuación establecidas desde a súa creación e constituíndose nun modelo de xestión consolidado, transparente e áxil.

Liña 1: Observacións de carácter xeral

Liña 2: Observacións de carácter temático


Liña 3: Operacións no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Liña 4: Servizo de Información

Liña 5: Colaboracións

Instrumento da Estratexia Galicia Dixital 2030

A **Estratexia Galicia Dixital 2030** apóiase no OSIMGA, como unidade que centraliza a actualización periódica dos indicadores relativos ao nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información e a dixitalización de Galicia. Por isto OSIMGA inclúe no seu plan de traballo proxectos e estudos en liña cos eixos estratéxicos da EGD2030. Ao longo deste plan de traballo identifícase a correspondencia entre proxectos e eixos estratéxicos.



Este documento ten como obxectivo presentar o Plan de Traballo para o ano 2025 do Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia (OSIMGA), ofrecendo información detallada sobre as tarefas que van configurar o seu programa, desenvolvendo as funcións encomendadas no [Decreto 21/2010 do 4 de febreiro de 2010](#).

O OSIMGA, adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), configúrase como órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información e a administración electrónica ou dixital nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións públicas nestas materias, contribuindo á promoción e á extensión da Sociedade Dixital e á Modernización de Galicia.

Este programa anual de actividades recompila os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas

tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

A primeira e segunda liñas de actuacións comprenden todas as observacións do OSIMGA planificadas para o ano 2025, expoñendo os obxectivos, os aspectos metodolóxicos e os contidos das investigacións de carácter xeral e temático.

A terceira liña de actuación refírese aos proxectos e actividades a desenvolver neste período polo Observatorio no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026.

A cuarta liña de actuación recolle as actividades do OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando, como principal instrumento de difusión a web do OSIMGA.

Por último, na quinta liña de actuación abórdanse as colaboracións do OSIMGA con outros observatorios, organismos ou entidades para promover o intercambio de experiencias e información entre as distintas administracións.

Novidades destacadas para o 2025

Informes a desenvolver en base aos obxectivos e liñas estratéxicas da Estratexia Galicia Dixital 2030

Como novidades na próxima anualidade, en base á EGD2030, desenvolveranse as seguintes actuacións

Informes Temáticos de carácter regular.

Dende a anualidade de 2023, inclúíronse periodicamente novos estudos temáticos que se viñan desenvolvendo de forma puntual:

Rapaciñ@s dixitais: informe anual, explotando microdatos da enquisa estrutural a fogares que achega o IGE.

Competencias dixitais da poboación galega: informe anual, explotando microdatos da enquisa estrutural a fogares que achega o IGE.


Talento dixital. Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia: informe realizado cada dous anos a partir de diversas fontes de datos, incluída a toma de datos primarios.

Tecnoloxías disruptivas das empresas en Galicia: informe anual, a fonte dos datos é a explotación da enquisa sobre uso das tecnoloxías da información nas empresas que facilita anualmente o INE.

Tecnoloxías disruptivas no sector TIC de Galicia: informe anual, a fonte da información é a propia enquisa ás empresas TIC que realiza anualmente OSIMGA.

Seniors Dixitais: Informe anual, explotando os microdatos da enquisa estrutural a fogares que achega o IGE.





Talento Dixital: Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia. Nova Actualización

Enmárcase na liña estratéxica: EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA

Obxectivos:

Coñecer a oferta de talento dixital en Galicia: a súa formación e a inserción laboral dos perfís STEM egresados de Galicia.

Caracterizar as condicións de traballo, roles profesionais, os sectores produtivos que empregan os perfís STEM así como a mobilidade e a retención de talento dixital.

Avaliar as eSkills dos perfís STEM, analizando a específicas.

Describir cales son os perfís e necesidades formativas máis demandadas e a adecuación ás necesidades de transformación dixital actuais e futuras.

Fontes de Información:

Enquisa ás empresas TIC. 2024. Osimga

Análise documental e web scrapping

Fontes de información secundaria relativas ás matriculacións en estudos universitarios, etc.

Explotación de datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA)

Aprobación do proxecto técnico do sistema de indicadores da sociedade da información

O OSIMGA completará o proceso de actualización e aprobación de dous proxectos técnicos incluídos no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Estes proxectos constitúen os marcos de actuación que definen as directrices para a execución das distintas operacións estatísticas.



Aprobación do Proxecto 4101-02-OE06: Galicia Dixital: sistema de indicadores

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA

Trala aprobación definitiva do proxecto técnico e a súa publicación na web, xa só queda pendente integrar os novos indicadores no cadro de mano.

Renovación do proxecto técnico do sistema da administración dixital da Xunta de Galicia

O OSIMGA está en pleno proceso de revisión da actualización deste proxecto técnico por parte do IGE.. Ao longo de 2025 esperase aprobación das actualizacións realizadas no proxecto para propoñer a súa revisión e aprobación no Consello Galego de Estatística e o Parlamento de Galicia.



Renovación do Proxecto 4301-01-OE06: Estatística sobre a administración electrónica da Xunta de Galicia

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA

Realizada a proposta formal do novo proxecto, pendente de resposta polo IGE para propoñer a súa revisión e aprobación no Consello Galego de Estatística e no Parlamento de Galicia.

Renovación do proxecto técnico da Estatística da administración dixital nos concellos galegos

O OSIMGA atópase actualmente inmerso no proceso de actualización deste proxecto técnico. Estanse a recoller as necesidades de información das distintas áreas da administración, así como a recompilar os datos dispoñibles polos diferentes departamentos implicados. Ao longo de 2025, elaborárase unha proposta consensuada co IGE, que será presentada para a súa revisión e aprobación no Consello Galego de Estatística e no Parlamento de Galicia.



Renovación do Proxecto 4103-02-OE06: Estatística da administración dixital nos concellos galegos

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA

Actualizando e consensuando os indicadores, consultando as fontes de información, para facer proposta formal de novo proxecto técnico a longo do 2025.

Renovación da páxina web do OSIMGA

O OSIMGA está actualmente inmerso no proceso de renovación e modernización da súa páxina web. Con este fin, estanse a identificar as necesidades de información, deseño e contidos co obxectivo de actualizar e mellorar a funcionalidade e usabilidade do portal.



Renovación da páxina web do OSIMGA

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA

Actualizando e renovando contidos da páxina web que estará actualizada nos próximos meses.

Adaptación do cadro de mando dinámico para difusión do novo sistema de indicadores

En paralelo á renovación do proxecto dos indicadores da sociedade da información, que se describiu no punto anterior, adaptárase o cadro de mando para a súa difusión. O cadro de mando do Osimga é a nova ferramenta que facilita as consultas sobre as estatísticas de dixitalización. A ferramenta xa está en funcionamento pero é preciso adaptalo aos trocos introducidos en 2024, no proxecto técnico do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información. Os datos estatísticos son accesibles mediante consultas personalizadas.



Adaptación do cadro de mando ao novo sistema de indicadores mediante unha ferramenta BI.

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA. Capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías disruptivas

Estado:

Tras a aprobación da súa estrutura e creadas as ferramentas tecnolóxicas necesarias, estase no proceso de adaptación ao cadro de mando e a nova web para a súa posta a disposición ao público definitivamente en 2025.

Creación de novos vídeos divulgativos sobre os principais campos temáticos de OSIMGA

Co obxectivo de achegar a información sobre o estado e os retos de Galicia Dixital a un público cada vez máis amplo, o OSIMGA continuará coa produción de vídeos divulgativos de dous minutos de duración. Estes vídeos, vinculados ás temáticas dos distintos informes, presentarán os principais resultados de forma clara e accesible.



Elaboración de vídeos-píulas informativas para presentar os principais informes de OSIMGA

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA.

Obxectivos:

Nutrir o novo instrumento de difusión para utilizar en novas canles de comunicación que achegue maior impacto e versatilidade ás publicacións de OSIMGA.

Xunto a cada unha das principais publicacións dos campos temáticos de Empresas, Empresas TIC, Cidadanía e Administración Dixital, elabórase un vídeo de presentación para notificar a súa dispoñibilidade e comentar os principais resultados.

Análise estatístico da Enquisa de Ciberseguridade

En colaboración co IGE e Ciber.gal, o OSIMGA realizará a tabulación, explotación e análise estatística dos resultados da Enquisa de Ciberseguridade. Esta enquisa está recoñecida como unha actividade de interese estatístico para a Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2025. O traballo de campo desenvolverase durante o primeiro semestre de 2025, e ao longo do último cuadrimestre do ano, o OSIMGA levará a cabo a análise dos datos recollidos.



Análise estatístico da Enquisa de Ciberseguridade nas empresas galegas

EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA.

Obxectivos:

Identificar o nivel de preocupación que suscita a ciberseguridade nas empresas, e a regulación e normativa que lles afecta nesta materia.

Coñecer as medidas adoptadas, os incidentes sufridos e as súas consecuencias na actividade da empresa.

Coñecer os recursos investidos e usados na protección contra ameazas cibernéticas e as razóns destes investimentos.

Estudar a actuación das empresas ante ameazas ou incidentes cibernéticos a través da asistencia externa, accións de mellora, actividades formativas e persoal especialista.



1. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL




1. Observacións xerais do OSIMGA. Estrutura

O Decreto 21/2010 atribúe ao OSIMGA, entre as súas funcións, as de desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os problemas que poden afectar á extensión da dixitalización e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.

A finalidade destes estudos é contribuír á definición estratéxica das políticas públicas en materia de dixitalización da Administración a través da avaliación do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia e do seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030, ao mesmo tempo que se facilita este coñecemento ao conxunto da sociedade galega.

A seguinte figura resume as observacións planificadas polo OSIMGA para o ano 2025.



Estreita colaboración co IGE

A colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) constitúe un recurso fundamental para o OSIMGA, xa que permite optimizar a recollida de datos sobre a dixitalización nos fogares e nas empresas galegas. Esta colaboración concrétese mediante un convenio entre ambas entidades.

Grazas a este marco, evítase a duplicidade de enquisas e garántese unha xestión da actividade estatística máis eficiente, eficaz e austera, en consonancia cos principios da Administración autonómica no ámbito da Sociedade da Información.

Ámbito: Fogares

- ✓ *Integración de indicadores sobre tecnoloxías na "Enquisa estrutural a fogares"*
- ✓ *O estudo ten unha mostra de máis de 7.000 enquisas a fogares e máis de 15.000 persoas*

Esta colaboración permite a inclusión con periodicidade anual dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na "Enquisa estrutural a fogares" que realiza o IGE, o que evita duplicidades.

O estudo baséase na información proporcionada por máis de 7.000 fogares e máis de 15.000 persoas maiores de 16 anos, o que permite desagregar os datos segundo variables como idade, sexo, área xeográfica, tipo de hábitat, número de membros do fogar, convivencia con menores, nivel de ingresos, formación académica e situación socio-laboral. Esta desagregación ofrece unha visión comparada dos distintos contornos socioeconómicos presentes en Galicia. Ademais, o cuestionario inclúe algunhas preguntas relativas aos nenos e nenas menores de 16 anos que conviven no fogar, cuxa información tamén é facilitada ao OSIMGA para a súa análise e posterior difusión.

Ámbito: Empresas

- ✓ *Datos específicos sobre comercio electrónico*
- ✓ *Ampliación significativa de datos relativos ás microempresas galegas*
- ✓ *Datos ad-hoc sobre empresas con sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade galega*

O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, de datos das empresas galegas respecto dos indicadores medidos polo INE na "Enquisa sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas", con información ampliada respecto a Galicia e tamén respecto ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade galega. Permite tamén o acceso a unha ampliación de datos de comercio electrónico e indicadores sobre microempresas, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente publica o INE.

Esta información permite actualizar anualmente o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026 da Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, descríbense os obxectivos, aspectos metodolóxicos e características de cada unha destas observacións xerais do OSIMGA.

1.1 A Sociedade da Información nos fogares galegos

✓ Convenio co IGE: integración dunha selección de indicadores na "Enquisa estrutural a fogares"

✓ O estudo en Galicia que proporciona os datos coa maior desagregación territorial.

Obxectivo

A información relativa á dixitalización nos fogares recóllese na Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o Instituto Galego de Estatística anualmente e que se inclúe en virtude do acordo de colaboración entre este organismo e a Amtega.

Aspectos metodolóxicos

A sinatura do convenio entre a Amtega e o IGE permitiu incluír anualmente un conxunto de indicadores sobre a dixitalización na "Enquisa estrutural a fogares" que realiza o IGE. Así, para a elaboración do seu Diagnóstico, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, considerará os microdatos procedentes do IGE e realizará o seu procesamento estatístico.

É o estudo en Galicia que, en virtude da ampla base mostral, proporciona datos coa maior desagregación territorial, ofrecendo información:

- A nivel provincial.
- Intervalos de habitantes dos concellos.
- Áreas macrocomarcais.
- Datos para os sete concellos galegos con maior poboación.

Ademais, a enquisa aportará datos desagregados por: subconxuntos de idade, sexo, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as e estudantes, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

Contido da investigación

A enquisa analizará o equipamento tecnolóxico dos fogares galegos, a conexión a Internet contratada e o uso das TIC e da administración electrónica da poboación galega.

1.2 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

✓ *Convenio Amtega – IGE – INE:*

✓ *Único diagnóstico empresarial en Galicia que inclúe os datos oficiais relativos ao comercio electrónico.*

✓ *O maior número de indicadores relativos ás microempresas galegas.*

✓ *Información das empresas multilocalizadas, con actividade en Galicia aínda que con sede fóra da Comunidade galega.*

Obxectivo

No próximo ano o OSIMGA publicará unha nova edición do diagnóstico “A Sociedade da información nas empresas de Galicia”, que ten como principal obxectivo analizar a implantación e o uso das TIC e do comercio electrónico no segmento das medianas e grandes empresas de Galicia, así como no das microempresas.

O carácter estratéxico deste estudo reside na posibilidade de avaliar a fenda dixital existente entre as microempresas e as empresas de 10 e máis traballadores/as coa finalidade de impulsar actuacións específicas nas microempresas, que representan o 95% do tecido empresarial galego.

Aspectos metodolóxicos

A sinatura do convenio entre a Amtega, o IGE e o INE permite que os datos que se inclúan no informe do OSIMGA procedan da “Enquisa sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas”, que realiza o INE, e que son transferidos ao OSIMGA a través do IGE.

Ademais, en virtude deste convenio, amplíase significativamente a información publicada polo INE, facilitando *ad hoc* os datos oficiais para Galicia relativos a:

- Comercio electrónico.
- Datos relativos a empresas multilocalizadas, con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Autónoma Galega.
- O maior número de indicadores relativos ás microempresas galegas.
- Desagregación para Galicia por sectores de actividade, tamaño e provincia.

Contido da investigación

A enquisa analizará o equipamento tecnolóxico e os servizos relacionados coa Sociedade da Información, tecnoloxías disruptivas, os usos empresariais en materia de comercio electrónico, os sistemas TIC para compartir información electronicamente con provedores e clientes, actividades formativas relacionadas coas TIC, a contratación de persoal especialista en TIC e as novas tendencias

tecnolóxicas. Ademais, inclúe novos e incipientes indicadores como o uso da big data, Intelixencia Artificial e Internet das Cousas entre outras.

1.3 A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

✓ *Enquisa oficial de referencia do sector TIC, [incluída no Plan Galego de Estatística 2022-2026 e nos seus Programas Anuais.](#)*

✓ *No ano 2025, continuarase a dar seguimento aos novos indicadores de Tecnoloxías Disruptivas: big data, robótica, ciberseguridade, Intelixencia Artificial e Internet das Cousas, entre outros. Serven para elaborar tamén os novos informes de ciberseguridade e tecnoloxías disruptivas no sector TIC.*

✓ *Enquisa de referencia do sector TIC, que proporciona información sobre:*

- *Emprego.*
- *Volume de negocio.*
- *Persoal desde a perspectiva de xénero.*
- *Innovación Tecnolóxica.*
- *Formación.*
- *Comercio electrónico.*
- *Ciberseguridade.*
- *Software libre.*
- *Gasto.*

Obxectivo

No ano 2025, o OSIMGA abordará unha nova edición da Enquisa ao Sector TIC, consolidándoa como unha fonte de referencia para o coñecemento da realidade do sector tecnolóxico en Galicia.

Esta enquisa, incluída no Plan Galego de Estatística 2022-2026 e nos seus Programas Anuais, forma parte da actividade estatística oficial da Comunidade Autónoma, ao tratarse dun sector considerado estratéxico para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

O principal obxectivo do estudo é caracterizar o sector empresarial das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións en Galicia. Para iso, preséntanse resultados sobre demografía empresarial, emprego —incluíndo a perspectiva de xénero—, equipamento e uso das TIC, evolución do negocio, innovación, ferramentas informáticas, comercio electrónico e outras temáticas relevantes.

A enquisa incorpora ademais un módulo específico sobre a dispoñibilidade e o uso de aplicacións e sistemas operativos baseados en Software Libre..

Aspectos metodolóxicos

A efectos estatísticos, a definición do sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a

Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e a Oficina Europea de Estatística (Eurostat) co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía.

LISTADO DE ACTIVIDADES DO SECTOR TIC CNAE 2009

- Industrias manufactureiras TIC: 26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40 e 26.80
- Industrias Comerciais TIC: 46.51 e 46.52
- Industrias de Servizos TIC:
 - Actividades de publicación TIC: 58.21 e 58.29
 - Telecomunicacións: 61.10, 61.20, 61.30 e 61.90
 - Actividades da Tecnoloxía da Información e do Servizo Informático: 62.01, 62.02, 62.03 e 62.09
 - Portais web, procesamento de datos, aloxamento e actividades relacionadas: 63.11 e 63.12
 - Reparación de ordenadores e equipos de comunicación: 95.11 e 95.12.

As unidades obxecto de investigación son todas as empresas con establecementos en Galicia, cuxa actividade principal corresponda aos epígrafes CNAE anteriormente definidos para o Sector TIC. O deseño da enquisa permite unha observación diferenciada por número de empregados/as, provincias e grupos de actividade en base á CNAE 2009.

A metodoloxía da Enquisa ás empresas TIC baséase na remisión postal do cuestionario correspondente xunto co material que avala a recollida de información. Os procedementos para a participación son múltiples, aínda que se incentiva a participación vía web a partires dunha aplicación habilitada a tal efecto.

Contido da investigación

Este estudo ofrecerá información detallada sobre o número de empresas, as cifras de negocio dos últimos tres anos e o persoal empregado no sector TIC.

Ademais, analizarase o equipamento e os servizos tecnolóxicos especializados das empresas, o seu nivel de innovación, o uso do comercio electrónico, as actividades formativas relacionadas coas tecnoloxías e os servizos da Sociedade da Información, así como a percepción estratéxica do sector e as perspectivas de mercado.

O informe inclúe un módulo específico sobre o uso e a oferta de produtos de Software Libre por parte das empresas proveedoras, consolidando así unha serie temporal estable para o estudo do Software Libre en Galicia.

Como é habitual, en 2025 actualizarase o cuestionario para incorporar cuestións relacionadas coas novas Tecnoloxías Disruptivas, realizar un análises específico do persoal con titulación STEM e obter datos ampliados e precisos sobre ciberseguridade.



1.4 A Administración electrónica na Xunta de Galicia

- *Integrada no Plan Estatístico da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Elaborarase un informe específico na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Adicionalmente, no marco de colaboración co Observatorio de Administración electrónica do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital proporcionaranse datos para a elaboración do informe estatal sobre administración electrónica do ano 2025*

Obxectivo

Esta nova edición do estudo ten por obxecto coñecer a implantación e evolución da administración electrónica na Xunta de Galicia. O estudo avaliará o nivel de interacción dos servizos e trámites proporcionados pola Administración Autonómica á cidadanía e ás empresas.

Adicionalmente, proporcionaranse datos para cumprimentar a enquisa sobre a Administración Electrónica que levan a cabo as Comunidades Autónomas e o Ministerio para a transformación dixital e da función pública.

A información relativa á eAdministración na Xunta de Galicia obtense de forma directa a través dos rexistros de datos internos.

Contido da investigación

Esta estatística proporciona información sobre a administración electrónica da Xunta, o goberno electrónico, a prestación de servizos públicos a través das TIC e sobre os mecanismos da democracia electrónica que permiten a participación da cidadanía na toma de decisións.



1.5 Estatística da administración dixital nos concellos galegos

- *Integrada no Plan Estatístico da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Elaborarase un informe específico na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Adicionalmente, no marco de colaboración co Observatorio de Administración electrónica do Ministerio para a transformación dixital e da función pública proporcionaranse datos para a elaboración do informe estatal sobre administración electrónica do ano 2025*

Obxectivo

O OSIMGA realizará os cambios no cuestionario consultando coas diferentes departamentos implicados para poñer en marcha unha nova edición deste diagnóstico, que ten por obxectivo coñecer o grao de implantación e a evolución da administración electrónica nos concellos de Galicia, permitindo unha axeitada toma de decisións para iniciar os procedementos de mellora necesarios nestas entidades.

A enquisa realízase en colaboración coa Oficina Técnica eConcellos a través dunha plataforma en liña para a cobertura da enquisa.

Aspectos metodolóxicos

As unidades obxecto de estudo desta enquisa son todos os concellos de Galicia. Os resultados ofreceranse desagregados por número de habitantes do concello e por provincia.

Esta enquisa tamén inclúe un módulo sobre o uso do software libre nos concellos de Galicia.

Esta enquisa realízase cada dous anos. No ano 2025 prevese a realización do traballo de campo desta enquisa.

Contido da investigación

Este estudo proporcionará información sobre a dispoñibilidade de infraestruturas, o nivel de implantación do software, a prestación de servizos públicos relacionados coa eAdministración e as canles de comunicación para facilitar a participación da cidadanía a través de medios electrónicos.



2. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER TEMÁTICO



2. Observacións de carácter temático

Outra das funcións do OSIMGA é a de promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica. Estas observacións temáticas teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboraranse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, ou ben a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector ou tema de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación.

2.1 Estudos temáticos no ámbito da sociedade

Competencias Dixitais da Poboación galega



Na próxima anualidade desenvolverase unha nova edición deste informe para determinar as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos e a súa evolución.

A información provén da explotación dos datos da Enquisa sobre equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares (INE)

Especial atención aos indicadores dende unha perspectiva de xénero



Ter presente a perspectiva de xénero é unha constante transversal nos estudos e informes do OSIMGA, observándose que constitúe un factor que incide na penetración e no uso das TIC na sociedade galega.

Este informe enmárcase dentro das actuacións previstas no Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A Sociedade da Información no Medio Rural



No ano 2016 publicáronse por primeira vez os datos relativos á Sociedade da Información no Rural. O Plan de Traballo para o ano 2025 contempla a elaboración dunha nova edición do estudo sobre a implantación e uso das tecnoloxías da información e a comunicación desde un punto de vista territorial, con especial foco nas áreas rurais.

Este proxecto, que se desenvolverá a través de datos facilitados polo IGE, tamén terá como obxectivo avanzar no desenvolvemento da comparativa e a análise do equilibrio territorial da información estatística e na homoxeneización da desagregación territorial.

Rapaciños Dixitais



Este informe ten como obxectivo avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais e o uso das tecnoloxías por parte das persoas de 5 e 15 anos.

En virtude do Convenio de Colaboración asinado entre o IGE e a Amtega, o IGE facilitará os microdatos da Enquisa estrutural a fogares – módulo tecnoloxía- correspondentes ás persoas de 5 a 15 anos de idade.

Poderá complementarse con información do INE e doutros indicadores propios de OSIMGA.

Seniors Dixitais



Este informe ten como obxectivo avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais e o uso das tecnoloxías por parte das persoas de 65 ou máis anos.

En virtude do Convenio de Colaboración asinado entre o IGE e a Amtega, o IGE facilitará os microdatos da Enquisa estrutural a fogares – módulo tecnoloxía- correspondentes ás persoas de 75 ou máis anos. Poderá complementarse con

información do INE e doutros indicadores propios de OSIMGA e cos microdatos que facilita tamén o IGE sobre a poboación xeral, de 16 a 74 anos.

2.2 Estudos temáticos no ámbito das empresas e do sector TIC

Seguimento e análise específica das tecnoloxías disruptivas no sector TIC en Galicia



No 2025 darase continuidade ao seguimento e análise específica das tecnoloxías disruptivas no sector TIC en Galicia co obxectivo principal de identificar o grao de adopción da Intelixencia Artificial, aprendizaxe automático a través do Big Data, robots de servizo, Chatbots, Cloud Computing, etc.

O software libre no sector TIC



A nova edición deste estudo ten por obxecto coñecer a implantación e uso do Software Libre nas empresas TIC de Galicia desde unha dobre vertente:

- A implantación e uso do Software Libre nas empresas.
- A oferta de produtos e servizos de Software Libre das empresas TIC.

Trátase dun estudo consolidado que permite dispoñer dunha ampla comparativa e evolución dos principais indicadores de Software Libre nas empresas TIC galegas.

Caracterización do Hipersector TIC




O informe sobre o Hipersector TIC en Galicia analiza o peso deste sector na economía galega mediante o estudo dos principais parámetros do sector TIC e do sector de Contidos Dixitais.

O estudo inclúe unha caracterización da demografía empresarial do Hipersector TIC, a evolución do emprego, a súa distribución territorial, así como a contribución e o impacto económico deste hipersector en Galicia.

Ademais, o informe presenta indicadores de comercio exterior relacionados coas importacións e exportacións dentro da balanza comercial do Hipersector TIC. Tamén ofrece unha visión xeral da innovación tecnolóxica nas empresas galegas e proporciona datos sobre patentes e marcas rexistradas en Galicia nos últimos catro anos.

As mulleres no sector TIC



No marco da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia darase continuidade aos estudos temáticos que contribúan ao coñecemento da situación das mulleres na era dixital, detectando posibles desequilibrios.

En concreto, avaliarase a presenza de mulleres nos sectores tecnolóxicos, así como as funcións que desenvolven relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación no sector empresarial das TIC.

Os autónomos e a Sociedade da Información




Os traballadores autónomos constitúen unha fórmula xurídica que, polo seu peso no conxunto da actividade en Galicia, é estudada de modo independente.

No ano 2025 volverase a realizar este estudo, sumándose a unha significativa serie temporal deste colectivo.

2.3 Estudos temáticos no ámbito da eAdministración:

Informe CAE: Administración electrónica nas Comunidades Autónomas



O OSIMGA continúa a colaboración co “Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas”, dependente do *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

No ano 2025 o Osimga, achegará a información de Galicia nun formato estandarizado e aliñado para todas as comunidades autónomas españolas que reflexe o grao de avance da Transformación Dixital e da eAdministración.

2.4 Outras observacións específicas:

Informe Telefónica: Autodiagnose sobre a Sociedade da Información en Galicia

No marco de colaboración que o Observatorio ven desenvolvendo coa Fundación Telefónica, durante 2025 o OSIMGA realizará un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia para incorporar ao informe que Telefónica realiza anualmente *"Sociedad Digital en España"* contendo información das distintas Comunidades Autónomas. Este exercicio de autodiagnose incluírá os principais indicadores e unha descrición da realidade dixital de Galicia.

Indicadores de contorno para a Estratexia Galicia Dixital 2030

O OSIMGA proporcionará os indicadores estatísticos sobre a Sociedade da Información na poboación, empresas, sector TIC e e-administración autonómica de Galicia que contextualizarán o balance anual da Estratexia Galicia Dixital 2030.



3. OPERACIÓNS NO MARCO DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2022-2026



3. Observacións do Plan Galego de Estatística 2022-2026

No marco do Plan Galego de Estatística 2022-2026 e nos seus Programas Estatísticos Anuais, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, é a responsable da realización de seis operacións e actividades estatísticas:

4106-01-AE06 Galicia Dixital: A modernización tecnolóxica no rural.

4101-02-OE06 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

4102-01-OE06 . Galicia Dixital: O Sector TIC en Galicia

4103-01--OE06 Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia

4103-02--OE06 Estatística da administración electrónica nos Concellos de Galicia

4102-02-AE06 Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información a divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.

No ano 2025 prevénse acadar os seguintes estados nas operacións e actividades estatísticas que a continuación se detallan:

Observacións e actividades estatísticas

Código	Operación/actividade estatística
4106-01-AE06	Galicia Dixital: A modernización tecnolóxica no rural
4101-02-OE06	Galicia Dixital: sistema de indicadores
4102-01-OE06	Galicia Dixital: o sector TIC en Galicia
4103-01-OE06	Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia
4103-02-OE06	Estatística da administración dixital nos concellos galegos
4102-02-AE06	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

Para o cumprimento dos compromisos asumidos nos respectivos proxectos técnicos das actividades e operacións estatísticas, o Observatorio realizará as seguintes tarefas:


3.1 Galicia Dixital: A modernización tecnolóxica no rural



Abórdase esta meta, ofrecendo información sobre a implantación e uso das tecnoloxías da información e a comunicación desde un punto de vista territorial, con especial foco nas áreas rurais.

Este proxecto tamén permitirá avanzar no desenvolvemento da comparativa territorial da información estatística e na homoxeneización da desagregación territorial das actividades realizadas.

3.2 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia



No ano 2025 o OSIMGA publicará unha nova edición do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, instrumento fundamental para a avaliación da evolución nos diferentes ámbitos, e que poderá consultarse na web do OSIMGA. O proceso de renovación

realizado deste proxecto técnico implicará que a publicación deste ano conterá novos indicadores actualizados.

3.3 Galicia dixital: o sector TIC en Galicia



O OSIMGA realizará no ano 2025 a enquisa ás empresas TIC galegas, conforme aos criterios enunciados no seu proxecto técnico.

Os resultados principais do diagnóstico publícanse no segundo semestre do ano, e onde se recolle información para outras publicacións monográficas e específicas que se distribúen ao longo do ano.

3.4 Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia



No ano 2025, executarase o proxecto que mide a evolución da Sociedade da Información na administración autonómica.

Este proxecto técnico está tamén en fase de actualización, polo que se poderían achegar xa novos indicadores de seguimento nesta anualidade. Unha vez que xa están dispoñibles en formato dixital todos os servizos dirixidos á cidadanía e organismos, porase

atención no nivel de uso e grao de sofisticación e usabilidade dos servizos dixitais da Xunta.

3.5 Colaboración na execución do Convenio Amtega - IGE - INE

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) asinaron un convenio para optimizar a recollida de información dos datos relativos á Sociedade da Información na poboación de Galicia mediante a integración dos indicadores relativos á Sociedade da Información na poboación de Galicia na "Enquisa Estrutural a Fogares" que realiza o Instituto Galego de Estatística.

Neste convenio, recóllese o compromiso da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA, de colaborar co IGE na definición dos indicadores incluídos no cuestionario.



Ademais, producirase a transferencia de datos sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas galegas, procedentes do INE e explotados estatisticamente polo IGE.

Esta colaboración permitirá continuar actualizando o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia nos ámbitos da poboación e empresas con carácter anual.



4. SERVICIOS DE INFORMACIÓN



4. Servizos de información

O decreto 21/2010 define ao OSIMGA coma órgano asesor e sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

En cumprimento das funcións específicas, para o ano 2025 está previsto continuar a actualización da información sobre o nivel de desenvolvemento da dixitalización en Galicia a través dos dispositivos de información e vixilancia que ofrece o OSIMGA.

4.1 A web do OSIMGA



A web do OSIMGA é a principal ferramenta de difusión pública do Observatorio e unha referencia no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

A través da súa web, o OSIMGA facilitará unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información ou observatorios. Tamén se dá acceso permanente aos vídeos publicados e ás ferramentas de consulta dos indicadores da sociedade da información en Galicia.

O portal do OSIMGA tamén permite acceder, dun xeito sinxelo, a unha escolma actualizada dos estudos e informes estatísticos de referencia de ámbito galego, estatal, europeo e internacional.

No ano 2025 realizarase un novo deseño da web ademais da actualización constante e dinamizaranse os seus contidos a través da renovación da tecnoloxía que soporta a páxina web, permitindo incluír novas ferramentas e facéndoa máis accesible e interactiva.

Boletín Osimga

A web do Osimga permite a subscrición ao boletín trimestral do Osimga, que presenta unha selección dos principais contidos publicados na web.

Cadro de mando

Ao longo de 2025 adaptarase o cadro de mando a os novos indicadores da Sociedade da Información en Galicia, que se constitúe nunha ferramenta dinámica e moderna para a consulta de datos.

Vídeos ou píulas informativas

Os vídeos en formatos de píula informativas servirán para difundir a información publicada por OSIMGA a través de máis medios.

4.2 Pleno do OSIMGA 2025

En cumprimento do Decreto 21/2010 do 4 de febreiro de 2010 de creación, que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia do 12 de abril do 2013, o Pleno do OSIMGA manterá, como mínimo, unha reunión anual de carácter ordinario para aprobar o plan de traballo anual do Observatorio.

4.3 Servizo de xestión e información

O OSIMGA facilita os datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia. Para iso, ademais de elaborar e presentar publicamente informes, realizará no ano 2025 as seguintes tarefas:

- Atender á demanda de información concreta sobre a Sociedade da Información en Galicia, achegando os datos precisos para cubrir as necesidades da administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.
- Actualizar un conxunto de indicadores que permitan monitorizar a evolución das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Promover a colaboración e cooperación con outros observatorios estatais, autonómicos e europeos para contrastar indicadores, compartir boas prácticas e establecer sinerxias de actuación.
- Xestionar e difundir o seu fondo documental en materia da Sociedade da Información.



5. COLABORACIÓN



5. Colaboracións

O OSIMGA conta entre as súas funcións coa de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades. Durante o ano 2025 continuará a colaboración establecida con:

Colaboración co Instituto Galego de Estatística

A colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) comprenderá todas as actividades e compromisos establecidos no "Convenio de colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da Sociedade da Información: fogares e empresas".

Ademais, existirá colaboración no relativo ás operacións e actividades que se realizan no marco do Plan Galego de Estatística 2022-2026, xa descritas no terceiro capítulo desta planificación.

O IGE tamén proporcionará ao Observatorio información estatística relativa ás afiliacións á Seguridade Social do sector TIC e valor engadido xerado polo sector TIC.

Colaboración co Instituto Nacional de Estatística (a través do IGE)

A través do IGE e en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE, facilítase ao OSIMGA unha ampliación *ad hoc* de datos de comercio electrónico e microempresas así como datos das empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade.

Ademais, facilítase ao OSIMGA unha maior desagregación de variables, especialmente no referido a microempresas, que permite analizar polo miúdo o tecido empresarial galego.

Colaboración co Observatorio da eAdministración das CCAA.

O OSIMGA dará continuidade á colaboración co grupo de traballo "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", creado no marco do Comité Sectorial de Administración Electrónica, dependente do *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*.

No ano 2025 publicarase un novo informe, incorporando indicadores que reflexen o grao de avance da Transformación Dixital nas Comunidades Autónomas. En definitiva, trátase de elaborar un informe útil para a sociedade, os profesionais e as propias CCAA.

No grupo participan todas as Comunidades Autónomas e o *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*.

Colaboración coa Fundación Telefónica

O OSIMGA realiza anualmente o informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia, recompilando os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Este estudo intégrase no informe "La Sociedad Digital", da Fundación Telefónica.

Colaboración coa Unidade de Muller e Ciencia

O OSIMGA dará continuidade en 2025 á colaboración establecida coa Unidade de Muller e Ciencia, da cal forma parte a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta cooperación consiste na realización de informes específicos sobre a situación das mulleres tecnólogas en Galicia e nun seguimento específico dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, así como na recollida dos datos significativos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC.

Colaboración con OBSAE

O OSIMGA seguirá a colaborar co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

Achegas de datos para o seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030

O OSIMGA seguirá a proporcionar datos para o seguimento do cadro de mando da EGD 2030, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, que son incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

GAIASTECH

O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial. O OSIMGA continuará coa colaboración con GAIASTECH, facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

VOLDIX

O OSIMGA facilita os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto "Voluntariado Dixital de Galicia" (VOLDIX). O OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat para detectar posibles colectivos en risco de exclusión

Plan eConcellos

Nesta anualidade, en colaboración con eConcellos, realízase o análise estatístico e difusión de resultados da estatística da administración dixital nos concellos galegos.

Achega de información para o Plan de Inclusión Dixital

O OSIMGA atende ás demandas de información do Plan de Inclusión Dixital de Galicia. A través deste Plan establécese un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade

Achega de datos e indicadores para atender a demanda de información

O OSIMGA facilita periodicamente información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analiza as noticias de actualidade e da resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.

